

© Textos: María Victoria Carballo-Calero Ramos, Valeriano Bozal Fernández e Diana Vilas Meis

© Preparación da edición: Diana Vilas Meis

© Deseño cuberta: Xosé Díaz

© Editorial:
Deputación Provincial da Coruña
Avda. Porto da Coruña, 2
15003 A Coruña

Depósito Legal: C 415 - 2017
ISBN: 978-84-9812-304-3

Imprenta Provincial
A Coruña, 2017

EXEMPLAR NON SUXEITO Á VENDA

MONOGRAFÍA SOBRE CASTELAO ARTISTA



MARÍA VICTORIA CARBALLO-CALERO RAMOS

VALERIANO BOZAL FERNÁNDEZ

DIANA VILAS MEIS



**Deputación
DA CORUÑA**



**Real Academia Galega
de Belas Artes**

Dende hai anos, a Real Academia Galega de Belas Artes viña loitando por instaurar un día adicado aos creadores artísticos en Galiza, idea que a pesar de contar dende o inicio cun amplo recoñecemento, insalváveis dificultades obrigaron a pospoñer. Por fin, no ano 2015, este antigo desexo fíxose realidade e a devandita Real Academia acordou fixar o primeiro de abril de cada ano como o “Día da Artes Galegas”. A normativa que o regula establece que o personaxe ao que se adique tan encomiada data sexa unha figura relevante na historia das artes de Galiza e, por asentimento unánime dos seus membros, aprobouse que o Mestre Mateo fose a figura inaugural desta celebración. Asemade, a data elixida responde á gravada nos dinteis do Pórtico da Gloria.

Seguindo con esta decisión, o ano 2016 estivo adicado, tamén por unanimidade dos membros da Academia, á grande figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. O acto central tivo lugar en Pontevedra, no salón de actos do sexto edificio do Museo, seguido da apertura dunha exposición conmemorativa. Unha solemne sesión académica pública na que se glosou tanto a pertinencia da celebración como do persoeiro elixido, e á que asistiron as autoridades da Galiza: Xunta, Concello de Pontevedra, Deputación de Pontevedra, Consello da Cultura Galega, Real Academia, Deputación de A Coruña... así como unha ampla representación doutras institucións, organismos e persoas interesadas.

Co fin de que tal efeméride permaneza no tempo, A Real Academia Galega de Belas Artes tomou a decisión de elaborar unha publicación que, dalgún xeito, estude a súa obra e saliente a transcendencia do persoeiro elixido, o xenial artista CASTELAO, cuxa dimensión de universalidade vai máis alá das fronteiras galegas.

A publicación inclúe tres textos. O primeiro deles correspóndese co discurso da conferencia pronunciada o día un de abril en Pontevedra a cargo de M. Victoria Carballo-Calero. O texto, que non foi escrito para publicar, senón para conferenciar, reproducécese intacto, tal e como foi disertado. Os outros dous textos, que no seu día foron publicados na revista ABRENTE (núm. 46, 2014) son da autoría de Valeriano Bozal Fernández e Diana Vilas Meis, ambos expertos na obra do noso homenaxeado. Deste xeito, no presente estudo recóllese unha das facetas máis salientábeis da figura conmemorada, a de debuxante, grafista e ilustrador.

XÉNESE E CONFIGURAZÓN DO ÁLBUM NÓS

MARÍA VICTORIA CARBALLO-CALERO RAMOS

Ven sendo habitual dicir que entre 1916 e 1918 Castelao debuxa as cincuenta estampas que ían ser recollidas no Álbum Nós. Mais non é exactamente así. O que escribe Castelao no prólogo en 1931, con motivo da edizón do álbum é: «Este album de dibuxos foi composto entr'os anos dezaseis e dezaioito, cando Galiza s'esperguizaba d'un longo sono...». Debuxos, estampas que ían ser mostradas no ano vinte, nunha peregrinazón por cidades e vilas da Galiza, mais tamén amosadas en Madrid con grande éxito, o que inclúe entusiasmo e rexeitamento, e que non serían reproducidas no álbum até 1931 (Hauser y Menet, Madrid, ed. do autor)¹. Foi no ano 1917, por mor da 2ª Exposición de Arte Galego, na Coruña, que entra en contacto coa casa Hauser y Menet que vai distribuir estampas desta exposición na súa colección de postais.

Para este álbum escribe un breve prólogo, auténtica declaración de intenzóns que, xunto das imaxes, racharía coa mirada tradicional da plástica galega polo que supón de compromiso cos protagonistas das estampas, mariñeiros e labregos, os auténticos sufridores da historia. Quen de vostedes non recorda aquelas verbas iniciais!: «... mais eu non quixen cantal-a ledicia das nosas festas, nin a fartura dos casamentos, sinón as tremendas angurias do decotío labrego e mariñeiro...». Efectivamente, Castelao reflicte en imaxes a situación da Galiza non urbana, a mesma Galiza rural dos poemas de Ramón Cabanillas, como veremos na análise dalgunha das estampas.

O meu traballo pretende documentar algunhas desas imaxes e plasmar a xénese e historia das mesmas.

1. Estampa núm. 35, A tola do monte

Consideremos para comezar a **estampa núm. 35 (fig. 1)** do citado álbum. A primeira versión que atopamos é de 1912 (**fig. 2**), Castelao levouna a Madrid e foi exposta no Salón Iturriz de 1912, onde é destacada xa pola crítica². Pertence, por tanto, á etapa rianxeira e así dedúcese da prosa que acompaña á imaxe nunha das súas *Cousas*, no ano 1926 (**fig. 3**), que di:

1 Existe outra edizón, de 1974, editorial Júcar, Madrid, e unha terceira facsimilar da primeira, en Akal Editor, Madrid, 1975.

2 A imaxe aparece reproducida nun recorte de prensa da época (Durán, 1972, 1979).

«*AÍNDA EU ERA MÉDICO rural e rubía por un camiño da serra. Os casales estaban lonxe, os alborados tamén e por alí non había mais que toxos e pedras. No curuto avistéi a figura dunha muller que me chamaba coa man, e o petrucio que camiñaba de par do meu cabalo contoume: —¡Malpocadiña! Chámanlle a tola do monte. Era unha rapaza ben asisada e bonita coma un sol e din que foi unha meiga quen a enfeitizou e dispóis de perder o xuicio tívolle un fillo e contan que foi do demo... Por riba da tola do monte voaba un miñado (p. 42)*».


A versión que aparece na revista *Nós* co mesmo tema (**fig. 4**), no ano 1920, é moi diferente no debuxo. Esta é lineal, sintética e expresiva, nun exercicio de adaptación a unha liña diagonal que divide en dous a folla impresa. A liña interrómpeuse na procura de maior expresividade e a prosa que a acompaña, semellante á anterior de *Cousas*, constitúe unha referencia etnográfica, propio dos traballos da revista:

«—*Éralle unha rapaza bonita e ben asisada e din que foi unha meiga quen-a enfeitizou, e dispois de perde-lo xuicio tívolle un fillo e contan qu´era do demo. Chámanlle a tola do monte. Así falou un vello, que camiñaba par da miña besta ferrada, cando eu era médico rural (Núm. 2, 30/11/1920, p. 8)*».

Castelao realiza varias versións dun mesmo tema na procura tanto da imaxe, formalmente, como do texto en prosa ou en forma de lenda, de rótulo ao pé da mesma, máis expresivo. A prol desta expresividade vai dende a recollida etnográfica até a estampa artística, e así tamén na súa literatura móvese entre a lenda e a narración, que remata no axuste perfecto da *cousa*, que oscila entre realidade e ficción sen chegar a precisarse. Ninguén estudou mellor o mecanismo das *cousas* como verdadeiras unidades narrativas completas que Ricardo Carvalho Calero.

Se nos centramos na estampa do álbum *Nós*, a linguaxe realista e expresionista utilizada, e a técnica da augada permítenlle a ambientación desexada nunha paisaxe adecuada. O xogo de liñas diagonais, a horizontalidade da liña da paisaxe e a verticalidade do brazo perfectamente equilibradas, configuran un marco que enzalza a figura da rapaza «bonita coma un sol», abandonada nunha paisaxe desolada. O pé, sintético e expresivo “presenta” simplemente a situación de *A tola do monte*³.

3 O trasunto literario no que é posíbel apuntar unha intención de crítica social, achámolo no poema de Ramón Cabanillas ¡Probiña da tola! (*Vento mareiro*, edición de 1926, para a que Castelao deseñou a portada), por certo, musicado e interpretado por Amancio Prada e Juan Pardo. A derradeira estrofa do mesmo é fielmente reflectida na estampa: «*Por eso me río cando ¡meigas fora! a xente do mundo, que di que está corda, murmura ó toparme ¡probiña da tola!*». Tamén, no poema de Curros adicado a Rosalía atópase o trasunto literario da estampa núm. 35 do álbum, cando escribe: «Do mar pola orela, mireina pasar, na fronte unha estrela, no bico un cantar, e vira tan soia na noite sen fin, que inda recei pola probe da tola, eu que non teño quen rece por min».



1. A tola do monte, estampa núm. 35 do Álbum Nós, 1931.



2. 1912.



3. Cousas, 1926.



4. Revista Nós, 1920.

2. Estampa núm. 42, Os cegos ainda viven da caridade


En 1914 Castelao sofre un desprendemento de retina. En *La Voz de Galicia* de Bos Aires, Joaquín Pesqueira daba a noticia «El gran caricaturista gallego Castelao ha quedado ciego... ya no podrá ver nunca los ciegos mendigos que tanto amaba....». Intervido no sanatorio compostelán de Baltar y Varela Radío, será *Vida gallega* quen comunique a boa nova: «non corren peligro as súas facultades para proseguir coa sua obra».

En 1915 volta a Madrid. W. Fernández Flórez quen lle ofrece a posibilidade de colaborar en *La Ilustración Española y Americana*, importante revista que inicia unha nova etapa e onde a temática dos cegos afiánzase como protagonista tras a propia experiencia do artista. Castelao envía algunhas estampas de cegos, certamente

excepcionais, que serán reproducidas con grande calidade, como a que ilustra unha prosa do tan admirado Valle-Inclán (**fig. 6**), que pasará lixeiramente retocada ao Álbum Nós.

Xa no núm. 12 desta revista, de marzo de 1915, publica unha selección de cegos e moinantes, clásicos e expresivos, que van a figurar con poucos retoques no álbum. É o caso da **estampa núm. 42 (fig. 5)**, na que o cego que ilustrara a prosa de Valle-Inclán pasa a este álbum cun epigrama sintético, amais de expresivo: *Os cegos aínda viven da caridade*. Asemade, a imaxe do álbum Nós secciona a figura dotándoa dunha maior monumentalidade, prescinde da man na que leva colgado o bastón de cego e, o máis significativo, o cego de perfil monástico e chapeu de ala ancha recórtase e sitúase nunha paisaxe de abrente, case que abstracta. A escuridade da capa contrasta e perfílase na claridade da alborada. Con todo, un dos arquetipos da figura do cego xa está creado no cego de *La Ilustración Española y Americana*: vai ser vello e de perfil monástico, levará chapeu de ala ancha, e cubrirase cunha capa tabacosa que lle chega aos zocos. Porque o estereotipo é o ingrediente básico da aparencia, e os xestos e actitudes comportan a condición do retratado⁴.

A rente disto, cómpre salientar que no Salón de Humoristas de 1915 a crítica destacara os cadros e máis as estampas con motivos de cegos de Castela: «Cuento de ciegos», «Un ciego», «Malpocado». Outras imaxes de cegos e moinantes, non obstante, pasarán ao álbum sen experimentar retoque algún, como ocorre coa **estampa núm. 45** titulada *A verdade* (**figs. 7 e 8**).



5. Os cegos aínda viven da caridade, estampa núm. 42 do Álbum Nós, 1931.



6. *La Ilustración Española y Americana*, 1915.

4 Novelas como *La edad de la inocencia*, de Edith Wharton, o *Los Buddenbrook*. *Decadencia de una familia*, de Thomas Man xiran en torno ao entramado das aparencias; o mesmo que algúns personaxes de Henry James e o propio Marcel Proust.



7. *A verdade*, estampa núm. 45 do Álbum Nós, 1931.



8. *La Ilustración Española y Americana*, 1915.

3. Estampa núm. 22, O fracasado da emigración

En 1914 asume a colaboración nunha publicación da Galiza emigrante de Bos Aires, *La Voz de Galicia*, semanario no que escribe o seu grande amigo Joaquín Pesqueira, Pardo de Cela. A partir de febreiro de 1915 inicia a súa colaboración co espléndido debuxo de Basilio Álvarez, abade de Beiro, máximo representante do galaicismo crítico.

A partir do núm. 24 arrinca a sección «Cosas de Galicia» e é entón que os temas de cegos, emigrantes ou o caciquismo van constituír, en ocasións, primeiras versións das estampas do álbum *Nós*. Neste semanario atópase *Los repatriados* (fig. 10), versión que sería modificada na **estampa núm. 22, O fracasado da emigración** (fig. 9). Imaxe en verdade estremecedora na que fai uso dun expresionismo feroz e corrosivo. Técnicamente, o tratamento do pano que cubre o leito como o da paisaxe que se adiviña tras da porta aberta, moi modernista, desaparece na estampa do álbum. E se na ilustración de *La Voz de Galicia* o pé di: «Los repatriados. El médico: Cheguei tarde», que explica a situación na que o enfermo para ser examinado está espido no leito, na estampa de *Nós* a figura do doutor desaparece e ten sido substituída, o mesmo que algúns detalles da estancia, aínda que se conservan outros. Siro López (2015) nun recente traballo non ten explicación para o feito de que a figura moribunda permaneza espida enriba da cama⁵ e, en efecto, o traballo de simplificación e síntese de Castelao queda patente tanto na imaxe como no texto, que no álbum limitábase, unicamente, a presentar a antedita situación.

5 Siro López, *Castelao en el arte europeo*, edición de M^a Victoria Carballo-Calero, Duen De Bux, Ourense, 2015, pp. 148-149.



9. O fracasado da emigración, estampa núm. 22 do Álbum Nós, 1931.




10. Los repatriados, La Voz de Galicia 1915.

4. Estampa núm. 8, —¿E para qué qués largar da Terra? ¿Non temos pan no forno?

A **estampa núm. 8** do álbum *Nós* (**fig. 11**) é unha das de máis longo percorrido. A primeira versión, novamente de *La Voz de Galicia* (1915) (**fig. 12**), permite un estudo estético exhaustivo, pois nela destaca un elemento por riba de todos: a árbore como símbolo da paisaxe galega. A verticalidade da árbore replícase na verticalidade das figuras do vello e o mozo. A lenda do pé di: «—¿E por qué queres ir pr'América? ¿Non temos sempre o forno cheo, a Dios gracias?». No medio de ambas versións, aparece outra nun diario de Madrid de grande sona, *El Sol* (**fig. 13**), no que Castelao compartiría con Bagaría os espazos adicados ao humorismo gráfico e a caricatura.

De certo, xa en 1918, cando está ultimando as imaxes do álbum, aparecen neste diario un feixe de debuxos sobre o asunto da emigración. A versión que acabamos de analizar,



11. -E para qué qués largar da Terra? ¿Non temos pan no forno?, estampa núm. 8 do Álbum Nós, 1931.

xunto a outras como a que logo reproduciría como **estampa núm. 46 (fig. 28)** e que figura naquel entón neste xornal: —*A nosa terra non é nosa, rapaz (fig. 29)*, son dous exemplos imaxinativos nos que o trazo intuitivo, breve e sinxelo do debuxante, é quen de recoller non só unha impresión meramente plástica, senón tamén unha impresión psicolóxica. Convén recordar que moi pronto vai conferenciar sobre «Arte e galeguismo» na exposición de Imeldo Corral na Coruña, texto recollido ese mesmo ano en *A Nosa Terra*, e ao ano seguinte sobre «Humorismo, debuxo humorístico e caricatura», discursos nos que dá conta dos cambios estéticos experimentados; emporiso, o humorismo útil xa está instalado.



12. *La Voz de Galicia*, 1915.



13. *El Sol*, 1918.

Regresemos á imaxe da estampa núm. 8 do álbum, da que ten desaparecido a grande árbore, substituída por dous troncos vellos e carentes de follas. A figura do rapaz pasa a ser o eixo da estampa, agora máis pensativo, mentres o vello cambia de posizón e retrásase respecto a aquel. As mans de ambos os dous fortemente entrelazadas son un bo exemplo do expresionismo da liña ao que chega o artista logo das sucesivas versións. As liñas da paisaxe, unha paisaxe desolada, ascenden, e o proceso cara a síntese expresiva consolídase.

En 1916, ano decisivo no que Castelao se instala en Pontevedra e ingresa nas Irmandades da Fala a finais de ano, comeza as colaboracións quincenais nunha publicación gráfica bonaerense de moita calidade que dirixe o seu amigo Joaquín Pesqueira. Trátase de *Suevia*, unha revista mensual de carácter modernista e de curta vida, cuxo primeiro número data de decembro de 1915, e na que vai colaborar tamén Valle-Inclán. Nela aparecerán a primeira versión de *Dos viejos amigos: Los foros y las oblatas* (Núm. 3, 05/02/1916) (**fig. 15**), logo **estampa núm. 13** do ál-


bum (fig. 14), e a primeira versión do *pranto*, no núm. 2 correspondente a xaneiro dese ano (fig. 17), despois **estampa núm. 36**, —¡Ay meu homiño, e qué bonito vas co Traxe das romerías! (fig. 16), exemplo de humor macabro suavizado no álbum coa introdución do neno que por entre as saias das mulleres pretende enterarse do que está a pasar.



14. Dous vellos amigos: os foros e as oblatas, estampa núm. 13 do Álbum Nós, 1931.



15. Suevia, 1916.



16. ¡Ay, meu homiño, e qué bonito vas co Traxe das romerías!, estampa núm. 36 do Álbum Nós, 1931.



17. Suevia, 1916.

Como dixemos, a primeira versión desta estampa aparece na revista *Suevia* o 15 de xaneiro de 1916 e pasa sen apenas retoques a converterse na **estampa núm. 36** do álbum *Nós*. Tan só aumenta o número de persoas que acoden a velar/ver ao morto (entre as que sobresaen a cabeciña do neno, antes citada), ao mesmo tempo que o formato cadrado esixe sectionar a imaxe do home situado no ángulo inferior dereito (sentado nunha cadeira na primeira versión).



18. *La Ilustración Española y Americana*, 1915.



19. *El Gran Bufón*, 1913.

A outra estampa mencionada, unha das máis elaboradas do álbum, a **núm. 13**, *Dous vellos amigos: os foros e as oblatas*, insta definitivamente a súa temática crítica, neste caso aplicada ao caciquismo, aínda que resulta un tanto literaria e tópica debido ao afecto que profesaba á figura de D. José de la Hermida, o fidalgo, e que explica que na versión de *Suevia*, de febreiro de 1916, apareza totalmente en branco, fantasmagórica, diría eu, coma doutro mundo: o da fidalguía en lento proceso de esmorecemento, que simplifica ao pasar ao álbum. Nel aproxima as figuras, agora xa non en branco e negro, que aparecen de medio corpo e lixeiramente xiradas cara ao espectador, mais sobre todo, o proceso de simplificación véese na paisaxe, que se percibe máis alonxada e definida polos tres elementos clave: a árbore, por se existira algunha dúbida en canto á localización; a torre (do pazo de Lestrove), imprescindible para ligar á fidalguía cos foros; e a igrexa, alusiva ás oblatas. Os tres elementos

recórtanse tras a liña, agora diagonal, do horizonte. Xa en 1915, no núm. 20 de *La Ilustración Española y Americana* tiña aparecido *El último hidalgo de gotera* (**fig. 18**), debuxo que foi cualificado de literario e tópico, inspirado na devandita figura do fidalgo Don José de la Hermida, primo carnal de Rosalía. Tiña elaborado xa tamén a portada para *El hidalgo don Tirso de Guimaraes* de Antón de Olmet. Quero dicir que a figura do fidalgo estaba de sobra experimentada, en tanto que a figura do crego ten antecedentes nas estampas que no ano 1913 publica en *El Gran Bufón*, semanario humorístico aparecido en Madrid en 1912 da man de José Francés e Manuel Abril, no que tamén colaboraba o grande ilustrador Ricardo Marín. No ano 1913, e na sección «De la Galicia aldeana» publica Castelao *Reflexión* (**fig. 19**), a imaxe dun cura que podemos situar como antecedente daquel ou, a lo menos, evocada agora. Esta estampa do álbum *Nós* constitúe unha crítica ao caciquismo, aínda que a figura do fidalgo reflicte toda a simpatía que tiña polo protagonista. Nela o esmorecemento dunha fidalguía en declive, que van sufrir tamén os seus herdeiros, e a crítica ao caciquismo fanse evidentes. O asunto das aparencias e o concepto de benestar moral tratado na novelística de Edith Barton, Thomas Man, Proust ou James, no que cada personaxe enfróntase ao aparente dun xeito diferente, explica a importancia do retrato.

5. Estampa núm. 3, —¡Qué lástema de bois!

Para rematar, a **estampa núm. 3** do álbum, —¡Qué lástema de bois! (**fig. 20**). Debemos remontarnos ao ano 1918. Alfonso R. Castelao é o primeiro dos artistas españois chamados por *El Sol*, o xornal fundado por Ortega, para compartir con Bagaría os espazos adicados ao humorismo gráfico e a caricatura do famoso diario madrileño⁶. *El Sol* aparece en Madrid o 1 de decembro de 1917 como xornal independente. Castelao chega a enviar corenta debuxos con texto, «caricaturas de situación», a meirande parte entre os anos 1918 e 1919, coetáneas xa das estampas de *Nós*. A primeira delas sae en portada no mes de febreiro (11/02/1918) co título *Pensando en los toros* (**fig. 21**) e constitúe unha crítica da festa nacional, cun pé que di: «El campesino gallego: —¡Qué lástima de bois!», pasada logo ao álbum, no que a técnica posibilitalle unha ambientazón que non existe no xornal. A mensaxe, a través da “caricatura de aldea” e tamén do deseño no cartel do anuncio do espectáculo taurino, non quere ferir a ninguén, mais si deixar claro que os galegos, os labregos neste caso concreto, non pensan de igual xeito que os da capital. É dicir, pon de manifesto un trazo, un sinal diferencial, moi oportuno nun intre de elaborazón do aínda recente nacionalismo. Por certo, as crónicas de Julio Camba sobre humorismo literario, aparecían diariamente nas páxinas de *El Sol*⁷.

6 Vid. Durán, Castelao en *El Sol*, Akal, 1976.

7 Vid. “Castelao, Camba y Fernández Flórez”, en Siro López, *Castelao en el arte europeo...* pp. 96-112.

20. ¡Qué lástima de bois!, estampa núm. 3 do Álbum Nós, 1931.



21. El Gran Bufón, 1913.


Teño aquí estudadas máis estampas do álbum que por mor do tempo non poderei desenvolver con detalle, pero que non quixera deixar sen mencionar. Trátase das primeiras versións de estampas como a **núm. 4**, *Dou seu fillo para Cuba e o seu neto para Melilla; mais agora non ten cartos para pagal-os trabucos. Quedará sen chouza* (**fig. 22**), publicada con anterioridade en *El Sol* (1918) baixo o título de «Campesino», cunha maior énfase na temática caciquil: *Dio a su hijo para Cuba, su nieto para Melilla... y a él le da el cacique un diputado al que no conoce* (**fig. 23**). A **estampa núm. 32**, *En Galiza non se pide nada. Emígrase* (**fig. 24**), aparecera tamén neste xornal madrileño co rótulo de «Éxodo» e, de igual xeito, o pé da imaxe presenta un matiz diferente, un ton desprezativo que aínda hoxe persiste diante de preguntas como a que amosa a ilustrazón: —¿Y éstos piden también la autonomía? (**fig. 25**), que o artista amputa na estampa do álbum. A **estampa núm. 43**, *Chora porque o cacique deixou a pedir. Se fose un irmán labrego teríalle fendido o corazón* (**fig. 26**), saíra ao prelo no diario madrileño intitulado: «Impotencia» (**fig. 27**), fermosísima estampa e todo un exemplo de dominio da liña, lirismo e xaponesismo na estética. Ou a xa mencionada **estampa núm. 46**, acompañada dun comentario que non precisa explicazón, sintético e expresivo: —*A nosa Terra non é nosa, rapaces* (**figs. 28 e 29**).

22. Dou seu fillo para Cuba e o seu neto para Melilla; mais agora non ten cartos para pagal-os trabucos. Quedará sen chouza, estampa núm. 4 do Álbum Nós, 1931.




23. El Sol, 1918

24. En Galiza non se pide nada. Emígrase, estampa núm. 32 do Álbum Nós, 1931.




25. El Sol, 1918

26. Chora porque o cacique deixouno a pedir. Se fose un irmán labrego teríalle fendido o corazón, estampa núm. 43 do Álbum Nós, 1931.



27. El Sol, 1918

28. A nosa Terra non é nosa, rapaces, estampa núm. 46 do Álbum Nós, 1931.



29. El Sol, 1918

CASTELAO, IMAXES DA GUERRA

VALERIANO BOZAL

O meu interese pola obra de Castelao foi constante. Iniciouse nos primeiros anos sesenta, cando traballaba no que logo sería *El realismo plástico en España, 1900-1936* e continuou despois. Coñecín a Luís Seoane, que me proporcionou información de primeira man, a Ricardo Fonte e Carmen Caamaño, que foron moi xenerosos, investiguei na Hemeroteca Municipal de Madrid, na Plaza de la Villa, e puiden coñecer algunhas das obras máis importantes do artista galego. O meu interese pola arte creada durante a Guerra Civil contribuíu a perfilar mellor o coñecemento de Castelao, que tivo un momento importante na exposición celebrada no Xardín Botánico de Madrid. Participei nas Xornadas sobre Castelao que se celebraron en 1986 en Santiago de Compostela, e fíxeno cun título semellante ao desta intervención. Alí coñecín a María Vitoria Carballo Calero, que sempre me tivo ao tanto dos seus traballos sobre Castelao, cunha amizade que se estreitou no paso do tempo. Ese mesmo ano, Xesús Alonso Montero incitoume a dar unha conferencia sobre Castelao en Vigo, conferencia que, editada, foi pouco despois o libro *Sátira y tragedia: las imágenes de Castelao*. En 1998, comisario da exposición española na Exposición Internacional de Lisboa, *Los 98 ibéricos y el mar*, puiden expoñer a Castelao. Antes, nos meus traballos sobre a pintura española, Castelao foi unha figura importante, e en 2008, na exposición de Zaragoza, *Goya y el mundo moderno*, que co-comisariei con Concha Lomba, os debuxos de Castelao mostráronse no apartado dedicado á guerra.

Este interese fai paradoxalmente difícil a presente intervención, pois non é o meu desexo repetir o que xa dixeran ou escribín noutros lugares.

1.

A pintura de guerra ou de batallas sufriu ao longo da súa historia cambios notables. A batalla considerouse habitualmente como un feito heroico e grandioso, lexitimado por principios políticos, relixiosos ou étnicos, digno dunha representación espectacular. O espectáculo poñía en escena aos heroes e ás vítimas, describía o movemento e a axitación, a enerxía e a excitación, tamén o colorido dos enfrontamentos. O espectáculo defínese, entre outras cousas, pola súa distancia: nós estamos ante o espectáculo, pero non participamos nel.

Aínda nos primeiros anos do século XIX a pintura napoleónica mostraba ao emperador como vencedor e misericordioso, mesmo, o que pode parecer unha contradición,

como “Marte pacificador”. Nun cadro ben coñecido de A. J. Gros, *Napoleón en la batalla de Eylau* (1808, París, Musée du Louvre), o heroe, o emperador, ocupa o lugar central, atende aos vencidos, aos que concede a súa misericordia, móvese entre as vítimas, e é o eixo dun movemento escénico, e visual, que discorre desde o primeiro termo -no que se atopan mortos e feridos- ata o último -onde aínda podemos apreciar os motivos da batalla-. Os mortos e feridos do primeiro plano enmarcan a escena inmediatamente posterior, á maneira do que sucede nun escenario teatral.

Esta concepción da pintura de guerra, que se prolonga en moitos artistas románticos, rómpese nas pinturas, debuxos e estampas de Francisco Goya. As pinturas relativas ao dous e tres de maio de 1808 relatán a violencia desatada na capital durante eses días, pero elude a representación de motivos lexitimadores, como poden ser a defensa da monarquía ou da relixión (aspectos que si están presentes, e estano moito, en obras doutros artistas que celebran ou conmemoran estes mesmos feitos). Semellante formulación faise moito máis acusada nas estampas dos *Desastres de la guerra* (1810-1815, Madrid, Biblioteca Nacional), nas que domina a representación da violencia en todos os seus extremos, a defensa da propia vida e da vida dos seus, a crueldade perpetrada contra a poboación civil, a vesania nas execucións, a deshumanización das torturas, etc. Cabe dicir que as estampas do artista aragonés adoptan o punto de vista das vítimas, aproxímannos a nós, os que as contemplamos, aos feitos, de tal maneira que non podamos considerarlos como espectáculos distantes, e, finalmente, abordan unha explicación política nos últimos desastres, os chamados “caprichos enfáticos”.

A consideración que Goya ten da guerra é explícita nestes gravados, tamén nun debuxo realizado en Burdeos, [*Figura alegórica. La Guerra*] (1824-28, Madrid, Museo Nacional del Prado), no que unha figura feminina, tocada, cunha espada e un escudo, monta sobre un ave rapaz, con botas e espuelas, e avanza cara a nós como unha nova figura da Apocalipse, agora secular.

Ao longo do século XIX as formulacións goyescas desapareceron ou se fixeron ver en contadas ocasións (creo que unha desas ocasións foi *Fusilamiento de Torrijos y sus compañeros en las playas de Málaga* [1887-88, Madrid, Museo Nacional do Prado], de Antonio Gisbert), predominou o sentido espectacular das batallas e a lexitimación das mesmas en atención a eventuais valores nacionais. A pintura de historia tentou satisfacer os intereses dunha burguesía débil que necesitaba dotarse dunha historia nacional, dunha tradición capaz de substituír a relación monarca-súbdito propia do antigo réxime. As historias dos reis, de raíñas e princesas, capitáns, as dos grandes acontecementos militares, Bailén ou Xirona, Zaragoza, foron os “fitos” dunha iconografía nacionalista destinada a dotar de pasado a unha clase que exercía o poder con dificultade. Desapareceu o punto de vista das vítimas -aínda que estas son abundantes nalgúns cadros, como o é a violencia exercida: *La leyenda del rey Monje* [Ramiro II de Aragón] (1880, Madrid, Museo Nacional do Prado), de José Casado del Alisal, é bo exemplo desa crueldade⁸, substituído agora por unha visión convencional. *El gran*

8 “Contan as tradicións históricas do século XII que D. Ramiro II de Aragón, canso do menosprezo con que os soberbios homes do Reino ollaban a autoridade real e os foros do pobo, tomou unha resolución terrible, aconsellado pola rudeza daqueles tempos difíciles. // Prometeu o rei fabricar unha campá tal que resoando por todos os seus estados

día de Girona (1863-64, Girona, Sede da Generalitat de Catalunya), o máis soado dos cadros de Ramon Martí Alsina, fai heroes das vítimas que, con gran profusión, ocupan a parte dianteira da pintura, aínda que o lugar máis destacado é o que ocupa o xeneral Álvarez de Castro.

Á marxe da súa bondade ou da súa torpeza, a pintura de historia, na que inclúo a de batallas ou guerra, xiraba ao redor dun concepto propio da estética do dezaioito: sublime. As historias contadas por estas pinturas eran sublimes en tanto que as escenas fosen grandiosas, admirables os heroes que arriscaron as súas vidas en valores que, co paso do tempo, xa non podían subscribirse, pero si eran exemplares. As grandes “máquinas pictóricas” debían decorar os edificios públicos e ser, así, exemplo para todos. A nación, a patria -un concepto que só coa Guerra da Independencia e, sobre todo, as Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812 empezou a ser comprensible e politicamente efectivo-, dispoñía xa dunha tradición, unha historia na que apoiarse, da que a nova clase social reclamábase e na que, con tal reclamación, lexitimábase. (Naturalmente, este non era o único instrumento de lexitimación: a mellora social, a moi feble democracia política -feble pero superior á inexistente durante a monarquía absoluta-, a ordenación do territorio e das institucións económicas, a desamortización, etc., foron outros tantos factores que contribuíron á lexitimidade buscada. Importante foi tamén a este respecto o papel desempeñado pola igrexa católica, unha institución que podía vangloriarse de vertebrar todo o país e de ter un protagonismo fundamental no pasado. Convén sinalar que Goya eludiu calquera referencia positiva á igrexa nos seus *Desastres*, aínda que non á actividade dalgúns clérigos na contenda; por outra banda, nos desastres números 66 e 67, *Extraña devoción* e *Esta no lo es menos*, así como nos “caprichos enfáticos”, o artista adopta unha posición crítica cara á institución eclesiástica).

A comezos do século XX atopamos as primeiras manifestacións dunha pintura, debuxo e gravado que recupera a concepción patética de Goya, aínda que o faga, como é natural, cunha linguaxe propia. A historia do século acentúa a importancia desta formulación e tende a eliminar, aínda que non o fai por completo, a visión sublime. Entre 1902 e 1908, Käthe Kollwitz, que en 1893 realizara unha serie de estampas sobre *La rebelión de los tejedores*, recrea nun ciclo de sete *La guerra de los campesinos*. Entre 1922 e 1923 traballa en sete xilografías, *Guerra*, nas que está presente o alento trágico da Gran Guerra de 1914; en 1933, o tema é *Morte*, oito litografías que acaba en 1937.

Unha das augafortes, punta seca e augatinta (con papel de lixa e verniz brando), de *La guerra de los campesinos* podería ter sido parte dos *Desastres*: unha muller, unha nai, inclínase sobre un campo de cadáveres, busca ao seu fillo na escuridade do crepúsculo: *Campo de batalla* é o título (1907, Köln, Käthe Kollwitz Museum). Noutra

chamase á obediencia o mesmo aos grandes levantiscos que aos vasallos humildes; e en ocasión de acharse os nobres en Huesca congregados para xuntar Cortes, D. Ramiro, avisado de nova conspiración, mandou prender con gran segredo aos rebeldes, decapitándoos en número de quince. Fixo logo coas súas cabezas como un círculo, de cuxo centro colgou en forma de badalo a do Arcebispo, magnate de gran poder, e chamando despois aos demais homes, mostrou ante a súa espantada vista a famosa campá que chamaría aos seus vasallos todos á obediencia do Rei e da lei”. Catálogo da Exposición Nacional de Belas Artes de 1881, p. 28. Cit. en J. L. Díez e J. Barón, *El siglo XIX en el Prado*, Madrid, Museo do Prado, 2007, p. 248.

aguaforte, punta seca augatinta, papel de lixa e verniz brando), unha muller está a *Afilando la guadaña* (1905, Köln, Käthe Kollwitz Museum): o rostro está tan próximo a nós que case non podemos velo con claridade, defórmase na proximidade, maior aínda é a proximidade do motivo da gadaña, diante do rostro, e das mans, poderosas que a suxeitan. Non hai espectáculo algún, non hai distancia espectacular e, así, non podemos desentendernos do motivo.

Kollwitz aborda nestas estampas dous temas que van figurar entre os máis relevantes deste tipo de iconografía: a muller, a nai. A que afía a gadaña é unha muller maior, non sabemos se é unha nai, pero si sabemos que está disposta a defenderse. Nisto, lembra os *Desastres*, nos que as mulleres “no quieren”, “dan valor” e “son fieras” números 9, 4 e 5, respectivamente-, defenden aos seus fillos e deféndense a si mesmas, con picas e con coitelos, non con gadañas. A que busca entre os cadáveres é aínda máis próxima a Goya: en *Enterrar y callar* (desastre número 18, 1810-1815, Madrid, Biblioteca Nacional) son un home e unha muller os que choran sobre unha chea de cadáveres espidos.

A presenza feminina nas escenas de guerra, unha presenza patética, é unha constante nas representacións da guerra e a violencia no século XX, nos debuxos da guerra civil española e nos de Castelao: *O paraíso feixista*, *Todo pol-a Patria*, *a relixion e a familia*, *Matáronlle un fillo*, *Denantes morta que aldraxada* son algunos exemplos de *Atila en Galicia* (1937); ¡Cobardes! ¡Asesinos! y *Esta door non se cura con resiñación*, de *Galicia mártir* (1937): no primeiro debuxo, a tortura dunha muller, no segundo, a pena dunha nai; como nai, atopamos tamén á muller nalgún dos debuxos de *Milicianos* (1938): *A loitar pol-o fillo* e *Asi procedían*.

O berro feminino é desgarrador nalgunhas das mulleres de Picasso, non só nas de *Guernica* (1937, Madrid, MNCARS), tamén, por exemplo, en *Mujer sentada en un sillón gris* (1939, Madrid, MNCARS), na que o berro transformou, metamorfoseou as faccións da muller. Pero é sobre todo na serie de *Montserrat* que Julio González inicia coa súa *Montserrat* (1937, Ámsterdam, Stedelijk Museum), que coa fouce lembra á figura de Kollwitz, onde a expresión da traxedia ponse máis claramente de manifesto. O berro protagonízao *Arenga*, que Castelao inclúe en *Milicianos*, un debuxo no que a muller ten un papel preponderante: berro de resistencia e ánimo, figura que se debuxa no primeiro plano, do mesmo xeito que o home de *Baixade, cobardes!*, que cun coitelo dispónse a defender á muller e reta aos inimigos. En ambos os casos a énfase visual fúndase sobre esa proximidade a nós (non só sobre ela).

A destrución do corpo é a destrución do outro, pode ser a destrución dun mesmo en nome de principios que se consideran máis elevados. A pintura tradicional representou en múltiples ocasións corpos esnaquizados, torturados, esfolados, en figuras de mártires, estas imaxes difunden unha concepción coñecida: a tortura do corpo é un sacrificio que se ofrece en aras dun principio máis elevado que o da vida terreal, humana. A pintura napoleónica de batallas representa os corpos das vítimas á marxe de calquera formulación relixiosa: na citada *Batalla de Eylau* os mortos e malferidos ocupan o primeiro termo da pintura, de tal maneira que sexan inmediatamente percibidos-contemplados polo espectador. Dise que Gros visitou o depósito de cadáveres para poder representar adecuadamente as figuras dos mortos e, en efecto, a verosimilitude de todos eles é moi notable, a “perfección” coa que están pintados, excelente.

Outra pintura de Gros permítenos facer unha comparación con Goya. En 1806 pintara *La batalla de Aboukir* (Versalles, Musée du Chateau), na que o xeneral Murat, sobre cabalo branco, centra a composición, arroia aos inimigos e vénceos. Diante, unha vez máis, os mortos que puntean a escena e entre eles un cadáver cos dous brazos estendidos que nos remite directamente ao cadáver pintado por Goya en 1814, en *El tres de mayo de 1808 ou Los fusilamientos en la montaña del Príncipe Pío* (Madrid, Museo Nacional do Prado). A posición de ambos os cadáveres é moi parecida, de ambos vemos o rostro, ambos cos brazos estendidos, pero as diferenzas entre un e outro son importantes. Só me referirei a unha: mentres que o cadáver de Goya foi cualificado en numerosas ocasións de boneco, tal é o modo no que quedou tras caer fusilado, o cadáver de Gros está cheo de dignidade, nada ten de boneco (como non o teñen outros, recordo de figuras clásicas). Lembrárase que o respecto polos restos mortais do inimigo foi unha tradición da arte occidental xa desde a *Iliada*. Cabe dicir que Goya falta a ese respecto: o morto só é iso, alguén sen vida, á maneira dun boneco, non a figura heroica e digna que vemos nunha escena, senón o personaxe inanimado, arroxado, tirado, que atopamos ao achegarnos agachados para ver que sucede no desmonte do Príncipe Pío.

O corpo humano é un dos motivos nos que Goya mostra a súa mestría. Os corpos femininos xa nos cartóns para tapices e nos *Caprichos*, tamén nos debuxos dos diferentes álbums, os corpos dos “majos”, co seu *empaquetado*, os corpos dos esmoleiros tolleitos, dos vellos e vellas, que perderon as súas características sexuais, os corpos dos bruxos, os dos mozos que pelexan, os corpos dos traballadores, das lavadeiras, os corpos dos campesiños e as campesiñas, os dos tolos, os corpos fantásticos, grotescos e caprichosos que se metamorfosean, corpos bestiais que voan, deformes, con garras e picos, con fauces, dificilmente humanas. Tamén os corpos esnaquizados, empalados, descortizados, fragmentados, deshumanizados, non corpos, só os seus anacos, coma se fosen froitos dunha árbore terrible. Corpos que van ser serrados, cortados, aforcados, linchados, corpos de moribundos por efecto da fame, corpos que van a carretadas con destino ao cemiterio. A galería de brutalidade é nos *Desastres* insoportable.

A morte non é un acontecemento heroico, nin sequera digno, e a falta de respecto polos restos, refugallos, a norma común de todas esas estampas. A pintura europea non esqueceu estas imaxes, non as esqueceu Otto Dix, tampouco Zoran Music. Castelao non as esqueceu. O primeiro, Otto Dix, publica en 1924 unha colección de cincuenta augafortes titulada *La guerra*. Entre as estampas destacan as escenas das trincheiras nas que os mortos protagonizan a imaxe, tamén algunha que representa un cadáver en primeiro plano, sen ningún tipo de retórica, procurando destacar a consunción do corpo, a súa transformación nun refugallo que colga, literalmente, dos aramados ou se confunde co lodo das paisaxes abatidas.

Pero quizá é Zoran Music o artista que ofrece unha visión máis terrible do horror da guerra nun aspecto que nada pode ter de heroico ou sublime: os campos de concentración. Como é sabido, Music estivo internado no campo de concentración de Dachau, alí debuxou, con dificultades, escenas do campo, execucións, malleiras, transporte de cadáveres, etc. Estes “papeis” son sumamente expresivos, pero non é a eles aos que agora desexo referirme. Tras a súa liberación, Music non parece

disposto a lembrar o horror vivido recentemente e pinta motivos que nada teñen que ver cos campos, paisaxes sobre todo, e só anos despois, na década dos setenta, emprende o traballo sobre unha serie que pode considerarse como o verdadeiro centro da súa obra e testamento pictórico: *No somos los últimos*. O motivo repítese case obsesivamente: cadáveres amontoados, nun debuxo lineal que destaca a configuración dos corpos e de modo moi especial cabezas e cranios cos ocos dos ollos e as bocas. A pasta pictórica reduciuse ao mínimo, o lenzo ou a esteira percíbense a primeira ollada, o espazo, escuro, con toques brancos e azulados, é neutral, non responde a lugar anecdótico algún, e o montón convértese nunha especie de monumento terrible á crueldade.

O recordo de Goya está presente, tamén o de Rembrandt. Os cadáveres amontoados dos *Desastres* prefiguran os de Music e a iluminación rembrandtiana, a súa luz. Music “ofrece” estas imaxes como a constatación de feitos, sen espaventos emocionais, coma se tanta barbarie formase parte da natureza. G. Sebald explicou no seu momento que a descrición da barbarie debe ser o máis exacta posible, fuxir da retórica e o sentimentalismo, levantar un acta notarial, un documento que enfrente ao espectador cos feitos espidos, sen que exista a posibilidade de derivar a nosa mirada cara á interpretación subxectiva, e opinable, discutible, ideolóxica, que as imaxes tradicionais propician.

Asi aprenderán a non ter ideas é un dos debuxos de Castelao en *Galicia mártir* que representa unha chea de mortos, *Cobardes! Asesinos!*, a tortura e a violencia, do mesmo xeito que *Pra que ergan o puño!...*, de *Atila en Galicia*, no que a atrocidade do acontecido contrasta traxicamente coa fisonomía dos dous gardas civís que a perpetraron. En todos estes casos asistimos a unha deshumanización do outro na natureza do dano exercido, un dano que, tal como sinalou Hanna Arendt, só é comprensible tras un proceso de deshumanización previa da persoa, ata chegar a considerala como un “non humano” que pode esnaquizarse, mutilarse, porque xa é unha cousa. A redución do outro a cousa non humana está no horizonte das escenas con cadáveres amontoados, mutilacións, violacións, etc. A redución do outro a cousa non humana é o eixo dos textos de Primo Levi.

2.

Ademais das imaxes, os debuxos de Castelao levan unha lenda ou pé. Non é un título, tampouco a descrición do que na imaxe nárrese. En ocasións é unha reflexión do artista, outras veces unha reflexión que o artista parece poñer na nosa boca. ¡Cobardes! ¡Asesinos! é un berro que podemos lanzar nós, os que contemplamos a tortura, mentres que *Asi aprenderán a non ter ideas* é unha afirmación que o artista pon en mente ou en boca do personaxe que está en segundo plano, e que o artista destaca para mostrar a violencia exercida. Outro tanto sucede con *Pra que ergan o puño!...*, posto en boca dos gardas civís pero expresión que asumen os colectivos aos que tales gardas representan. (Convén sinalar que non todos os álbums de debuxos son iguais. Creo que *Milicianos* aproxímase máis ao que era común entre os debuxos de guerra, é máis convencional e de máis acusada emotividade, tanto polo tratamento expresivo da imaxe como pola natureza dos rótulos que pon ao pé.)

A función do pé ou lenda é facernos pensar, trátase dunha reflexión que nos leva máis aló da pura emocionalidade e elude calquera sentimentalismo ao razoar sobre as causas do acontecido. Sen eliminar o shock que o representado na imaxe produce, Castelao introduce un principio brechtiano: distancia respecto do acontecido, non para esquecerlo senón para pensalo, para reflexionar sobre iso. Esta é unha práctica da que xa se serviu nos seus debuxos anteriores á guerra, no álbum *Nos* ou en *Cousas de nenos*, nos que utilizou a ironía para aclarar a razón do debuxado, as súas causas e as súas consecuencias, a responsabilidade dos feitos, é dicir, lendas que articulaban o debuxo cun marco máis amplo, facíano significativo, non puramente mimético ou expresivo.

O proceder de Castelao ten o mesmo precedente ao que me referín antes. Os debuxos e estampas de Goya dispoñen de pés que dan conta das razóns que acompañan e significan o debuxo. Ata que Goya non crea este tipo de imaxes, o habitual era dispoñer un pé titular e descritivo. Mesmo nas escenas de guerra debuxadas por J. Callot, que adoitan considerarse os antecedentes máis importantes da representación da violencia, os pés teñen un sentido descritivo, proporcionan pistas sobre as causas do sucedido e en moitas ocasións xustifican a barbarie representada. O artista aragonés non se conforma cunha titulación ou unha descrición, os seus pés “opinan” sobre o representado e indúcennos a que fagamos o mesmo. Cando se fala de artistas filósofos, por tales adoitan entenderse artistas cultos, cultura que se aprecia nas súas obras, xa sexa de carácter teórico -sobre a condición da pintura, por exemplo-, literario -coñecementos de mitoloxía ou de historia antiga e bíblica-, ou propiamente filosófico -intelectualmente consistentes-. Goya non responde a ningunha destas interpretacións, é un artista filósofo porque reflexiona e axuiza, pregúntase polas razóns do que acontece na imaxe, polas súas consecuencias, non se limita a estar ante a realidade para reproducila coma se fose un espello ao bordo do camiño, quere esclarecer o seu sentido. Castelao procede da mesma maneira. Esclarecer o sentido dunha imaxe, dun debuxo ou unha estampa, implica poñela en relación cun marco máis xeral, de tal maneira que podamos comprendelos mellor (tanto á imaxe como ao marco de referencia).

Os debuxos destes álbums refírense, en dous deles, a Galicia, o terceiro á Guerra Civil, con todo os motivos representados en cada debuxo concreto, sen deixar de ser feitos que sucederon en Galicia, son feitos que poden suceder noutras moitas partes (non só do noso país), e sen deixar de ser feito acontecidos durante a Guerra Civil, poden acontecer noutras guerras que nada teñen que ver coa o nosa. Este é un trazo que fala da universalidade de Castelao, unha universalidade que non se afasta do feito e lugar concretos, que non é abstracta, todo o contrario, unha universalidade que se funda, precisamente, sobre a súa concreción. (Neste punto, Castelao non fai máis que seguir unha práctica que xa foi súa en debuxos anteriores, nas súas representacións de nenos ou de labregos: uns e outros son galegos, pero os seus puntos de vista, os seus xuízos, valores, críticas e ironías poden ser de calquera lugar.)

Un debuxo como *A derradeira lección do mestre* (de *Galicia mártir*) é un bo exemplo do que tento dicir. Creo que é un dos mellores debuxos do artista, tanto pola súa sobriedade como polo tratamento visual da escena. Posiblemente a “lección” ten lugar nun momento do amencer, tras o “paseo” nocturno, pero aínda non se aclarou

suficientemente o día, como poñen de manifesto tanto as árbores como o desmonte do camiño e as lombas do fondo. As árbores foron ferozmente podadas, como podada está a vida dos rapaces que perderon ao mestre, e a importancia da moureira e do camiño fala dunha vida que os dous rapaces han de percorrer, na que agora están obrigados a deterse. A forza da imaxe perfílase no contraste vertical das dúas árbores e os dous rapaces coa horizontalidade do cadáver do mestre e do camiño. A composición non necesita de máis aditamentos para facerse intensa e expresiva, non hai, nin son necesarios, motivos anecdóticos para que comprendamos a escena: todo está “devandito” no representado, na actitude e a roupa dos rapaces, no contraste espido da súa desolación e o cadáver, no lugar non menos espido no que se executou o asasinato. A desolación dos rapaces é tamén a desolación do lugar e da última lección do mestre: a súa morte. Esta é o seu ensino.

A escena corresponde ao que foi bastante habitual nos camiños, tapias de cemiterios e campos durante a nosa Guerra Civil, pero a escena pode ilustrar tamén acontecementos similares que tiveron lugar noutros países. Que a vítima sexa o mestre, non é en absoluto anecdótico: coa morte do mestre morre o coñecemento, atácase a reflexión que o coñecemento implica, o pensamento e a razón, agora ben, se a morte é unha lección, a última e definitiva, entón, por selo, a despeito dos perpetradores, concíbese como un triunfo desa razón asasinada. Ese triunfo non é un feito illado, anecdótico, é unha afirmación de carácter universal: o triunfo da humanización sobre a deshumanización.

A análise de *A derradeira lección do mestre* lévame a unha cuestión que sempre me preocupou e para a que non sei se teño resposta. Cal é a explicación dunha experiencia estética, non só política, ideolóxica ou moral -que tamén forma parte desa experiencia-, ante unha imaxe patética?

Aristóteles abordou o tema na súa *Poética* e concluíu que o pracer ante unha imaxe patética radica na perfección formal coa que tal imaxe foi elaborada: “hai seres cuxo aspecto real moléstanos, pero gústanos ver a súa imaxe executada coa maior fidelidade posible, por exemplo, figuras dos animais máis repugnantes e de cadáveres” (*Poética*, 1448b, 10-13; trad. de V. García Yebra). Aristóteles di algunha cousa máis, e de inmediato volverei sobre ela, pero parece claro que esta afirmación resulta insuficiente. Tamén resulta insuficiente a catarse, a “purificación” producida polo temor e a compaixón, pois o filósofo fala ao seu propósito de pracer (1453b, 13) e o que agora resulta dubidoso é que a experiencia (estética) de *A derradeira lección do mestre* produza pracer da mesma maneira que poida producillo a experiencia dun obxecto ou unha paisaxe bela. Cabe pensar mesmo no pracer producido por un acto heroico, pero, por unha banda, o mestre non acometeu ningún outro acto heroico que ser mestre en tempos sombríos, e, por outra, a reflexión a que o pé indúcenos escapa a unha actitude puramente emocional, catártica (que, con todo, si pode existir, que, de feito, está incluído na imaxe).

O tratado Sobre o sublime, atribuído ao Pseudolongino, centrouse na elevación da linguaxe para explicar a natureza do sublime -non era un tratado poético, senón retórico-, aínda que introduce algúns exemplos extraídos da poesía clásica que logo foron utilizados polos teóricos do dezaioito. Pois foi no século XVIII cando o problema do sublime terrorífico abordouse en reflexións consistentes, en especial na obra de E.

Burke *A Philosophical Enquiry into the Ideas of the Beautiful and Sublime* (1757. Indagación filosófica sobre a orixe das nosas ideas acerca do belo e o sublime), que tivo unha ampla difusión e influencia. Burke recupera unha interpretación, por dicilo así, moderada e empirista da concepción aristotélica da catarse: o noso espírito sofre unha especie de shock ante a visión dunha escena que nos aterroriza, “esperta” do seu estado máis ou menos sedentario e actúa cunha enerxía que nos produce pracer, á maneira en que un deportista sente pracer cando fai deporte, cando exercita os seus músculos (a comparación é do filósofo inglés).

Teño unha dificultade para aceptar este tipo de propostas: todas elas fan do patético ou o sublime un factor positivo na miña experiencia. Fan do negativo, positivo, e é nesa positividade onde se atopa, e explícase, o pracer. Agora ben, o propio das estampas de Goya, Kollwitz, Dix e Castelao, o propio das pinturas de Music é que non deixan espazo algún para o positivo, que non deixan dar a volta ao negativo que poñen en pé e que o fan de tal modo que nin sequera a sentimentalidade ou a emocionalidade son suficientes para explicar a súa experiencia: precisamente porque se enfrontan a esa emocionalidade, a que a experiencia acabe nunha emoción, mediante procedementos estéticos diversos (algúns dos cales foron mencionados).

Creo que unha explicación satisfactoria da experiencia do patético non debe eliminar a negatividade, non debe dar a volta á negatividade, ha de dar conta dela. Volvo entón á *Poética* de Aristóteles, non para seguila ao pé da letra senón para percorrer, aínda que sexa con brevidade, un camiño que abre. Ábreo para explicar outra cousa, o pracer da *mimese*, pero quizá poida encamiñarse cara a un tema diferente.

No citado 1448b, tras referirse á habilidade do artista que executa as imaxes con fidelidade, avanza un pouco máis: “E tamén é causa disto [o pracer] que aprender agrada moitísimo non só aos filósofos, senón igualmente aos demais, aínda que o comparten escasamente. Por iso, en efecto, *gozan vendo as imaxes, pois sucede que, ao contemplalas, aprenden e deducen que é cada cousa*, por exemplo que este é aquel” (1448b, 13-18).


Como xa dixen, a explicación aristotélica, “este é aquel”, refírese á *mimese*, pero o sinalado en cursiva, e por agora só iso, introduce un marco de coñecemento na contemplación de imaxes, pois se goza aprendendo que é cada cousa.

A *derradeira lección do mestre* produce un efecto catártico, pero vai máis aló, ensínanos que é cada cousa, non só a lección do mestre, a última, tamén todo aquilo que no seu asasinato está implicado, así como o triunfo póstumo da razón, un motivo para alcanzar certo pracer na lucidez, non de que a razón triunfe con tal alto custo, senón na lucidez de que se coñeceu, de que se aprendeu o que é cada cousa ao contemplala, o que é a morte-última lección do mestre, non só para os rapaces que Castelao representa, tamén para nós. A imaxe artística é cognitiva, non só emocional. Coñecemos a negatividade á vez que nos conmocionamos coa barbarie a cuxa representación asistimos. Lucidez paréceme un termo adecuado para explicar esa clase de coñecemento que xorde na contemplación do negativo sen eludir a súa negatividade. Inclínome por pensar, para a experiencia estética, non o pracer da beleza senón o da lucidez.



EL PARADIS FASCISTA.
LE PARADIS FASCISTE.
THE FASCIST PARADISE.
FASCISTERNAS PARADIS.

O paraíso feixista, 1937, Atila en Galicia.



TODO POR LA PATRIE, LA RELI-GION Y LA FAMILLE.
TOUÏ POUR LA PATRIE, LA RELI-GION ET LA FAMILLE.
ALL FOR THE FATHERLAND: RELI-GION AND THE FAMILY.
ALLT FÖR FÖDERLANDST, RELI-GIONEN OCH FAMILIEN.

Todo pola Patria, a relixion e a familia, 1937, Atila en Galicia.



LE MËTARON UN FILS.
ON L'À TUA UN FILS.
THEY KILLED HER SON.
DE BODA HENNES SON.

Matáronlle un fillo, 1937, Atila en Galicia.



ANTES MURTA QUE SUÏCIDIO.
PLÛTÔT LA MORT QUE L'OUÏRAGE.
DEATH BEFORE OUTRAGE.
FÖRSLÄMPNISIA FÖRE DÖDEN.


Denantes morta que aldraxada, 1937, Atila en Galicia.




¡Cobardes! ¡Asesinos! , 1937, Galicia mártir .



Esta dolor non se cura con resignación, 1937, Galicia mártir.




A loitar pol-o fillo, 1938, Milicianos.



Asi procedian, 1938, Milicianos.



Arenga, 1938, Milicianos.




Baixade, cobardes!, 1938, Milicianos.



Así aprenderán a non ter ideas, 1937, Galicia mártir.



Pra que ergan o puño!..., 1937, Atila en Galicia.



LA ÚLTIMA LECCIÓN DEL MAESTRO.
LA DERNIÈRE LEÇON DU MAÎTRE.
THE TEACHER'S LAST LESSON.

A derradeira lección do mestre, 1937, Galicia mártir.

APROXIMACIÓN A UN ESTUDO TEMÁTICO DAS COUSAS DE NENOS DE CASTELAO

DIANA VILAS MEIS

O presente texto correspóndese coa conferencia pronunciada o día 19 de novembro de 2014 nas Xornadas celebradas na Universidade de Vigo no marco do Proxecto: HAR2012-30673. “Castelao. *Obra gráfica. La construcción de un discurso estético, político y social transoceánico (1910-1950)*” dirixido por María Victoria Carballo-Calero Ramos.

1. A figura do neno nas *Cousas da vida*

Todos aqueles que coñecedes a obra gráfica de Castelao sabedes que a figura do neno é un motivo recorrente nas súas estampas, e este é un aspecto que -baixo o meu punto de vista- debemos relacionar coa función social destas imaxes no momento da súa publicación.

Son viñetas, que se publican nos xornais vigueses: *Galicia. Diario de Vigo* (1922-26) e o *Faro de Vigo* (1926-32) baixo distintos títulos: “*Cousas da Vida*”... “*Caricaturas*” ou “*Dibujos de Castelao*”...; con epígrafes específicos como “*Cousas de Nenos*” ou “*Pensamentos de Nenos*”; pero tamén concretando temas “*A caridade*”, “*Os pobres*”, “*Contrastes*”... e estes debuxos configuran un novo espazo de opinión de carácter político-social que se engade ás columnas dos devanditos xornais, case sempre situados na parte central superior da portada, debaixo mesmo da cabeceira.

Castelao entendeu estes debuxos como un medio, interesándolle máis a súa utilidade que calquera outro fin. Isto é, a capacidade destas imaxes de *facer visible* aqueles asuntos que por formar parte da realidade cotiá -inmediata- pasan desapercibidos ou acéptanse como inherentes á propia dinámica social. A este respecto, unha das ferramentas das que se serve o artista para *revelar críticamente a realidade* a un público masivo, ao pobo galego dese momento, é a figura dos nenos, porque -suscribindo as verbas de Valeriano Bozal- a súa mirada non está contaminada por presupostos ou convencións, aproxímanse ás *cousas* cunha verdade que está agochada para nós, para a nosa mirada ideolóxica -viciada-.

Pero non podemos esquecer que a vida dos nenos –dos nenos galegos dese tempo e dos nenos que debuxa Castelao- desenvólvese en distintos espazos ou ámbitos de socialización –a casa, a escola, a rúa, o traballo, etc.– que están condicionados polas circunstancias históricas, socioeconómicas... e que proxectan obxectivos edu-

cativos, esixencias e expectativas cara os rapaces, códigos morais, variables de xénero e clase social, o que convirte aos nenos en seres á vez reais e imaxinarios, en portadores de significados e de ideoloxías.

2. Dificultades metodolóxicas

Para comprender a orientación ideolóxica respecto da figura do neno que Castelao nos amosa nas estampas é preciso, por unha banda, partir dun exhaustivo *estudo histórico* da Galicia deste período, imprescindible para amosar as relacións de socialización que caracterizan o contexto no cal se producen e reciben as estampas. Asemade, debemos contemplar que o seu discurso gráfico constitúe un *achegamento extrínseco á nenez* que podemos cotexar cos idearios proxectados dende institucións ou organismos oficiais, como as fundacións benéfico-docentes activas no marco pontevedrés naquel entón; discursos xornalísticos pertencentes a liñas editoriais contrapostas, publicacións especializadas que centran o seu discurso no neno -tratados médicos, de urbanidade ou de moral, entre outros-, para acercarnos á visión que os adultos construíron da nenez no marco temporal sinalado e ver así que ideas contempla ou rexeita o artista. Sen esquecer o interesante que resulta carear estes imaxinarios coa *realidade vivida* polos propios nenos, a vivencia íntima que nos proporcionan autobiografías e entrevistas para constatar ou desbotar a través das súas experiencias a realidade amosada nas estampas.

Por outra banda, cómpre puntualizar que as escolmas publicadas ata o momento sobre as *Cousas da Vida* de Castelao, que cumpren un labor divulgativo extraordinario, non deixan de ser agrupamentos das imaxes feitos a posteriori e un tanto arbitrarios, que non responden a unha investigación rigurosa sobre as caricaturas que Castelao publicou nos xornais sinalados: non contemplan unha datación detallada, a transcripción literal da lenda, incluso algún debuxo aparece modificado... co que a única maneira de coñecer a obra gráfica do artista é acudir aos propios xornais da época; ao que se lle une a dificultade de atopar moitos dos exemplares do xornal *Galicia*, que se atopa incompleto e, en moitos casos, en mal estado de conservación.

O primeiro en elaborar unha escolma sobre “Cousas de nenos” foi Clodio González Pérez (1976), á que seguiron ás de Akal (1981) e Galaxia (1989), pero “nin son todas as que están, nin están todas as que son”.

As *Cousas da Vida* «foron divididas» por parte das editoriais que difundiron a obra do artista en grupos de imaxes dedicadas a: 1.-Os nenos, 2.-Os homes, 3.-As mulleres, 4.-Os animais, 5.-Os vellos, 6.-Os caciques; pero as estampas que vou a presentar nesta intervención forman parte dunha escolma propia sobre as *Cousas de Nenos*, que non responde á clasificación feita polas editoriais, senón que se centra naquelas caricaturas publicadas por Castelao no *Galicia* e *Faro de Vigo* nas que a figura do neno intervén como un suxeito activo na estampa.

3. O estudo temático das Cousas de nenos

As estampas, inconexas en canto que publicacións diarias, teñen sentido de seu, e incluso moitas delas posúen múltiples lecturas –a plástica, a literaria e a conxu-

gación de ambas—. Sen embargo, estas estampas estudadas en distintos ámbitos temáticos supoñen un diagnóstico lúcido e crítico sobre determinadas problemáticas que inciden no mundo do neno e na Galicia do seu tempo.

Un estudo histórico sobre a infancia galega do primeiro terzo do século XX permite apuntar algúns dos espazos ou ámbitos de socialización nos que tivo lugar a vida destes nenos e que puideron incidir na percepción e intencionalidade do discurso creativo do artista, ofrecéndonos múltiples posibilidades para analizar dun xeito máis sólido e completo as estampas.

Baixo a miña opinión, sería axeitado agrupar as estampas en torno a grandes eidos temáticos como: 1.– a familia, 2.– a vida cotiá, 3.– as diferenzas de xénero, 4.– a vida na escola, 5.– a infancia desamparada, 6.– os xogos e xoguetes, 7.– as lérias de nenos, 8.– “*cousas*” arredor da política, e 9.– nenez en sociedade. Temas que permiten establecer comparacións coa realidade contextual á que fan referencia e mesmo coas propias vivencias dos nenos.

Polo tempo reducido da conferencia voume referir soamente a dúas das áreas temáticas mencionadas: a infancia desamparada e a vida na escola.

A infancia desamparada

Na infancia desamparada Castelao amósanos ao neno como un activo para a economía familiar.

Unha das responsabilidades máis comúns do neno e da nena labradores era ocuparse do gando como vemos nesta **estampa núm. 1** publicada no *Galicia* o 11 de setembro de 1924, da que se desprende un forte sentimentalismo entre o neno e unha tenreira, algo que ocorre en moitos outros debuxos, pero que nesta ademais omite calquera grafía para conferir todo o protagonismo á imaxe, pois recordando as palabras do propio Castelao no seu discurso de *Algo acerca de la caricatura*: «como la expresión del gesto es universal, se evitan las traducciones».

Na **estampa núm. 2**: «–Ay, mayestro: os ricos aproveitan as botiñas, eh? –Porque che andan a sua comodidade, rapaz» (*Galicia*, 28/02/1925), o neno aparece como aprendiz de zapateiro, un dos oficios comúns entre os rapaces das familias humildes como constata o *Boletín de la Estadística de Pontevedra*, no que podemos observar que durante os catro primeiros anos de aprendizaxe os nenos non recibían un peso⁹. Outros tiñan que saír a traballar como ambulantes nos oficios de paraugueiro, barquilleiro ou, o máis abondoso, vendedor de xornais, que mercaban en pequenas partidas e logo revendían pola rúa, como reza a **estampa núm. 3**: «–Mérqueme o preódico, que trai a derrota de Abd-el-Krim. –¡Canté!» (*Galicia*, 13/08/1922); ou querendo ser músico, oficio ao que tantos debuxos dedicou Castelao noutras estampas de *Cousas da vida*¹⁰, pois era dos máis estimados entre a clase labrega pola oportunidade de percorrer as bisbarras dando festa ao tempo que gañaban o xornal e que non su-

9 BHMP; Boletín de la Estadística Municipal de Pontevedra, (anos 1914-1916).

10 Vid. «Cousas da vida», *Galicia*, 27/02/1924.

poñía tanto sacrificio como podía ser a faena no campo -**estampa núm. 4:** «-¿E logo non queres traballar? -Xa lle dixen a meu pai que me compre un acordeón» (Galicia, 09/09/1922)-.



1. Galicia, 11/09/1924.



2. Galicia, 28/02/1925.



3. Galicia, 13/08/1922.




4. Galicia, 09/09/1922.

Considerábase natural que os nenos traballasen e, por tratárense polo xeral de traballos «proporcionados» ás súas forzas, semellaban aceptables e mesmo positivos para o seu crecemento e para que se principiarian nun oficio como aprendices¹¹. Neste senso, chama a atención que nunha das visións máis lúcidas e críticas sobre a situación da infancia na Galicia neste período, a aportada por Castelao nas súas estampas das *Cousas da vida*, non se reflecta ningunha advertencia ao traballo infantil -e sobre todo da dureza no traballo no agro-, o que pode constituír unha proba evidente de que, ata que se produciu un cambio de mentalidade relacionado coa consideración da nenez, o traballo dos menores na agricultura só moi excepcionalmente suscitou a censura pública.

Tamén nos achega á infancia desamparada mediante os seus nenos esmoleiros.

Os nenos piden auxilio de porta en porta de xeito habitual, como se desprende da lenda da **estampa núm. 5**: «-Non veñas a pedir mais a miña porta. -E pois logo a ver cando vai vostede pedir a miña» (Galicia, 06/02/1923). Son o fiel reflexo de dous mundos contrastados, na **estampa núm. 6** piden para ir ao cine: «-Pol-a y-alma dos seus difuntos, señor; déame pra ir ô cine, que estou seguindo unha película e non-a podo deixar» (Faro de Vigo, 09/10/1932), unha das actividades lúdicas de moda naquel tempo, pero á que seguramente o cativo non tería acceso na súa vida; e na **estampa núm. 7** confórmanse con mirar para aqueles que que xantan tranquilamente na terraza dun restaurante: «-¿Qué miras? -Como comen» (Galicia, 13/10/1923). A forza da estampa é brutal, porque máis alá de pedir esmola, confórmanse resignados con ver o que comen outros.




5. Galicia, 06/02/1923.



6. Faro de Vigo, 09/10/1932.

11 Vid. CASTRO, Xavier: *Historia da vida cotiá en Galicia, séculos XIX e XX*, Vigo, Nigratrea. 2007. p. 124-5



7. Galicia, 13/10/1923.



8. Galicia, 23/01/1923.

Quizais a mensaxe máis sinxela, pero tamén a máis dura e triste, sexa a que Castelao emite nesta **estampa núm. 8**: «-Si me tocasse a min a lotería compraba pan...» (Galicia, 23/01/1923), que o artista reforza de xeito maxistral nos trazos quebrados e liñas descontinuas coas que describe as roupas farrapentas dos meniños. Ademais, a contextualización xornalística desta caricatura remítenos ás constantes subidas do custo do pan, anunciadas no Galicia dende os meses finais do ano 1922 e que continúan a comezos de 1924¹², momento no que se volve a publicar esta mesma estampa¹³ como parte substancial da crítica ao incremento dos prezos deste produto básico e á necesidade de que as autoridades mediasen no asunto.

Pero non só nos amosa esta realidade cunha denuncia directa, senón que afonda na súa xénese: familias desestruturadas, pais alcohólicos que abandonan aos seus fillos, nais que traballan en exceso...¹⁴ e na percepción social desta; e entre estes valores vituperables presentes nunha parte da sociedade, Castelao tamén inclúe a aqueles que, pertencentes a unha clase acomodada, practican unha dobre moral. Este é o caso do home adulto que protagoniza a **estampa núm. 9**: «-Es usted un sinvergüenza, un miserable, un canalla... ¡Una vergüenza de la sociedad!» (Galicia, 03/05/1924) que, máis alá de reprender a un neno por pedir esmola no interior dun teatro, culpabiliza ao propio rapaz da súa desgraza.

12 «Las subsistencias en Vigo», Galicia 17/09/1922, p.1; «El precio del pan», Galicia, 03/03/1923, p. 2; «Las subsistencias», Galicia, 15/08/1924, p. 2.

13 «Cousas da vida», Galicia, 13/05/1924.

14 Vid. «-¿Cantos fillos tês, Xan? -Ainda non botei ben as contas; pero xa debo tær uns dez ou doce», en Faro de Vigo, 29/05/1930, p. 1; «-O home a quen se lle perdoa todo porque ten doce fillos», en Galicia, 22/04/1925, p. 1; «O home que calcula cantos fillos seus habrá na inclusa», en Galicia, 12/03/1925, p. 1.

A estampa que mellor sintetiza o sentir de Castelao respecto desta situación de inxustiza social é aquela na que o artista emprega un debuxo máis bosquexado para imprimir unha maior expresividade e dramatismo ao sono dun meniño e un vello que dormen na rúa, a **estampa núm. 10**: «-FAN BEN EN DURMIR; ASÍ PODEN SOÑAR QUE HAY XUSTICIA PRA ELES» (Galicia, 29/06/1923). A denuncia da situación é clara: a pobreza, a inxustiza, a falta de oportunidades son unha constante, unha realidade habitual da que a poboación só pode fuxir durante o sono. Pero desta estampa extráese, a súa vez, certa desesperanza, porque se ben esta situación foi persistente no pasado de Galicia, representada co vello, é aos ollos do debuxante unha rémora con continuidade no futuro, como ben reflexa a presenza do neno.



9. Galicia, 03/05/1924.



10. Galicia, 29/06/1923.

A vida na escola

De todas as «historias dos nenos», aquelas que se refiren á educación e á escola son das máis abondosas na obra do rianxeiro, algo que é de entender se temos en conta que a escola –xunto coa familia– é o marco de socialización fundamental da infancia.

Estas estampas, no seu conxunto perfilan algúns dos aspectos máis relevantes no que concirne ao sistema educativo galego destes momentos, refírense ás problemáticas que padeceu: os métodos de ensinanza primaria -un método pedagóxico represivo-, o tipo de mestres -e sobre todo o distanciamento entre o mestre e o alumnado polo idioma-; e as súas consecuencias: a falta d interese e devaluación da educación, as altas taxas de analfabetismo e o absentismo escolar, que Castelao pretende subliñar mediante a evocación por parte dos propios nenos das súas vivencias da escola.

Se algo nos queda claro despois de observar as *Cousas de nenos* é que estes non queren ir á escola, pero *por que?* Os testemuños cos que contamos, nun importante número, inciden no pouco aproveitamento que se lles sacaban ás clases. Este rendemento insuficiente viña dado, en parte, por mor dun método consistente na memorización dos contidos sen unha axeitada comprensión e, por outra banda, pola pedagogía violenta dalgúns mestres, que atemorizaba aos cativos. Esta idea é a que está a denunciar Castelao nesta **estampa núm. 11**: «-O “mayestro” pegoume hoxe moito ¿sabes?» (*Galicia*, 05/11/1922) e que xa acusara con anterioridade no Álbum Nós.

Na documentación que puideron consultar, parece que o castigo físico estaba acoutado –ao menos na teoría–; xa que nos regulamentos de distintas Escolas benéfico-docentes da época facíase especial incidencia no feito de non propinar castigos corporais aos alumnos. Mentres que, as testemuñas indican que a filosofía pedagóxica predominante na escola tradicional seguía a asentarse no aforismo de que “*non hai razón coma a do bastón*”.

Estas novas inquedanzas van ocupando un maior protagonismo nos medios de comunicación escrita ata o punto de creárense páxinas especializadas nos diversos xornais, como a «Páxina Pedagóxica» de *Faro de Vigo*, ou «La enseñanza y los maestros» de *El Pueblo Gallego*; e emerxen multitude de críticas e reivindicacións a prol dunha mellor escola e dunha pedagogía anovada, que dende os sectores galeguistas –no que se insire o noso artista– reclaman a presenza curricular da lingua e cultura galegas.



11. *Galicia*, 05/11/1922.

Segundo Castelao, o distanciamento existente entre os nenos e o seu mestre debido ao problema idiomático foi outra das causas da antipatía dos nenos cara á escola. Os distintos plans de estudo que se foron sucedendo ao longo deste período omitiron o ensino do galego, como amosan tamén os estatutos das escolas de beneficencia. Poucos dos docentes que traballaban nas escolas primarias falaban o galego, o que suscitaba malos entendementos de cara aos cativos e acrecentaba a falta de rendemento nas clases por parte destes, como se extrae desta recua de imaxes: as **estampas núm. 12 e 13**: «-O mayestro berroume porque dixen “ollo mol”. -Debeches dicir “ojo blando”» (*Galicia*, 07/11/1923 e *Faro de Vigo*, 24/08/1930)¹⁵; a **estampa núm. 14**: «*Ai, miña nai: ¿por que o mestre non fala coma nós?*»¹⁶; ou a retranqueira **estampa núm. 15**: «O ESCOLANTE ANDALUZ.-¿Cuanto año tiene? O RAPAZ.-Non temos año ningún; temos unha ovella» (*Faro de Vigo*, 17/07/1930).

15 Na estampa publicada no *Galicia* introdúcese o matiz do xénero na referencia ao «mayestro», que nesta primeira Castelao escribe como «A mayestra», mais a composición e significado é semellante, quizabes cun trazo moito máis sinxelo e sintético nesta respecto á que se edita no *Faro de Vigo*.


16 Estampa pertencente á escolma da editorial Galaxia non atopada en ningún dos exemplares que se conservan de ambos diarios galegos; en *Cousas da vida. Por Castelao*, Vigo, Galaxia. 1989. p. 40.




12. Galicia, 07/11/1923.



13. Faro de Vigo, 24/08/1930.



14. Galaxia, 1989: 40.



15. Faro de Vigo, 17/07/1930.

A realidade da escola neste sentido semellaba moi afastada dunha poboación que na meirande parte era galegofalante e apenas comprendía o castelán, como amosan as lendas destes debuxos, que se convertiron nun dos escasos recunchos de exaltación da lingua en ambos xornais.

Cales eran as dramáticas consecuencias a todo isto? A primeira delas, a que amosan as seguintes **estampas núm. 16**: «-Eu hoxe non quería ir á escola, porque... total par'o que se aprende nun día!...» (*Faro de Vigo*, 04/12/1930), e **núm. 17**: «-Non vayas a escola. Total non se vive con saber ler» (*Galicia*, 01/03/1925), nas que Castelao volve sobre as ideas do escaso aproveitamento das clases por parte dos cativos e da falta de interese que a escola producía neles; así como da pouca valía ou consideración que tiña para eles a instrución escolar, que se reflicte nas lembranzas dos testemuños e que incidiu nas continuas ausencias dos infantes no colexio. Ademais, esta falta dos nenos á escola desembocou na maior parte dos casos na súa ceda incorporación ao traballo no agro, de aí que houbera unha percepción por parte desta sociedade de intensa actividade agrícola de subestimar a formación académica nos rapaces fronte aos coñecementos dun oficio ou do traballo no campo, pois como deixa entrever a lenda desta última, “máis valía saber dobrar o lombo que aprender a ler”.



16. *Faro de Vigo*, 04/12/1930.



17. *Galicia*, 01/03/1925.

Así, a diferenza da maioría dos debuxos das *Cousas da vida*, nesta estampa os negros son aproveitados para sinalar o carácter deprimente e tráxico do asunto que desexa expresar o artista, dotando á apelación do rapaz dun carácter rotundo, decidido, urxente. Non se trata dun chiste, senón de amosar as lamentables consecuencias dun sistema educativo ermo e dunha concepción errada a respecto da formación que debían recibir os máis pequenos.

A rente desta desvalorización da escola, outra das consecuencias máis notorias deste absentismo escolar foi o alto grao de analfabetismo existente entre a poboación infantil da Galicia do momento, que Castelao expresa -non con pouca sorna- neste outro conxunto de ilustracións: a **estampa núm. 18**: «-¿Porqué non qués ir á escola, rapáz? -Porque.. porque sempre me preguntan o que non sei?» (*Faro de Vigo*,

25/05/1930), e a **núm. 19**: «-¿Quienes fueron los Reyes Católicos? -Melchor, Gaspar y Baltasar» (Galicia, 05/01/1923), publicada á volta do Nadal e cuxa resposta –aparentemente disparatada– do neno a unha pregunta relativamente sinxela sobre historia amosa unha tintura de carácter político.



18. Faro de Vigo, 25/05/1930.



19. Galicia, 05/01/1923.

Daquela, penso que a seguinte **estampa núm. 20** sintetiza moi ben as ideas apuntadas ata o momento; di: «O RAPAZ QUE ESCAPOU DA ESCOLA PENSA QUE NON VOLVERÁ A ESCAPAR» (Galicia, 28/09/1924), unha estampa coa que Castelao parece indicarnos que o abandono voluntario da escola por parte do neno pode implicar que este non regrese máis, xa que ante esa falta de aproveitamento das clases ou desinterese por elas os pais probablemente decidirían a súa participación máis activa nos labores do campo ou negocio familiar.



20. Galicia, 28/09/1924.

Os especialistas na historia do ensino sosteñen que o traballo infantil, a necesaria achega que os nenos debían prestar á economía familiar era unha das causas primordiais da elevada taxa de absentismo escolar que se rexistraba en Galicia, conque a explotación infantil neste marco temporal era algo máis que habitual, sobre todo a participación dos cativos nas faenas agrícolas intensivas, que baleiraban as aulas do medio rural, limitándose a presenza do neno labrego na escola practicamente ao inverno.

Este abandono dos estudos é unha das denuncias máis constantes por parte do profesorado da época e unha recriminación constante aos pais, como amosa a documentación das escolas de beneficencia consultadas e como teñen posto de relevo as investigacións da historia da educación, xa que logo, o absentismo escolar en Galicia era un dos máis elevados de toda España.

4. Conclusión

Como sinalaba ao comezo da intervención, as estampas das *Cousas de nenos* estudadas nos distintos campos temáticos propostos supoñen unha análise perspicaz dalgúns dos dilemas que afectaron á infancia galega naquel entón. Mais a mirada lúcida da nenez desborda na obra do rianxeiro o seu ámbito de socialización frecuente –escola, familia, traballo, desamparo, lecer– e vértese sobre moi diversos asuntos que atinxiron a esta Galicia de comezos de século. Así, nos seus interrogantes e conversas, aparentemente triviais, Castelao reflicte e critica actitudes, feitos ou tradicións, usando como vehículo catalizador o candor e a sinxeleza da infancia.

Castelao, co seu humor acedo, vainos facendo adiviñar os motivos e as repercusións destas medidas recesivas vixentes na Galicia do seu tempo, mais non por iso deixa de sinalar o camiño, as oportunidades que se abrían para o pobo de decidírense a desbotar os prexuízos e convencionalismos que de costume refrean o seu afán colectivo de loita e superación.

Velaquí esta **estampa núm. 21** titulada «PENSAMENTOS DE NENOS», cuxa lenda di: «–O home que máis sabe no mundo é o noso mayestro. ¡Hay que ver canto sabe!» (Galicia, 07/02/1923), verdadeira alegación a prol do saber co que o artista principia toda esta serie de estampas referidas á escola.

Non debemos ver, por tanto, a construción dun discurso pesimista nesta interpretación conxunta, a arte de Castelao procura sempre a réplica afirmativa, busca concienciar, facer pensar, e coincido co profesor V. Bozal en que «os nenos posúen unhas características que os fan especialmente axeitados para este traballo: son inxenuos e naturais», son capaces de manter unha mirada atenta ao que acontece no seu contorno máis próximo e por iso a través deles a realidade cotiá *faise visible* dende unha mirada máis penetrante que a nosa.

Castelao non quere representar a realidade -diso encárgase a pintura- quere *facer visible a realidade*, de aí que lle baste con debuxar a un conxunto de nenos con boina e a roupa mendada que cavilan conxuntamente baixo a choiva, porque as *cousas* só se ven con claridade cando un as pensa.

Dalgunha maneira, nesta síntese que acadan as liñas do debuxo e a urxencia que denotan as verbas -ou razón- dun neno, materializadas na lenda, a caricatura de Castelao constitúe en si mesma unha «*forma de pensamento*».



21. Galicia, 07/02/1923.

BIBLIOGRAFÍA

DOCUMENTACIÓN CONSULTADA

Archivo Histórico Provincial de Pontevedra: Sección Gobierno Civil (Fondos de Beneficencia).

Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela: Fondo HISTORGA. Biblioteca dixital de Galicia. Galiciana

PRENSA E BOLETÍNS DA ÉPOCA

Boletín de la Estadística Municipal de Pontevedra (1914-1916).

Boletín Oficial del Colegio Provincial de Médicos de Pontevedra (1919, 1924-1930).

El Ancora (1900-1904).

El Huerfanito (decembro de 1931).

El Progreso (1907-1911, 1916-1930).

Faro de Vigo (1926-32).

Galicia (1922-26).

La Integridad (1911-1915, 1920-1928).

La Libertad (1906-1918, 1921-1930).

Revista de Pedagogía (xaneiro de 1931).

FONTES SECUNDARIAS

Bozal, V. (1987): *Sátira y Tragedia: Las imágenes de Castelao*, Sada - A Coruña, Edicións do Castro.

Brey, G. (2005): «La sociedad gallega (1874-1936)»; en De Juana, Jesús e Prada, Julio (coord.), *Historia Contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel.

Campos, F. (ed.) (1981): *Castelao. Cousas da vida, 1. Obra completa, IV*, Madrid, Akal.

Carballo-Calero, M. V. (1999): «Castelao, Ilustrador», en *Castelao na Galiza do século XX*. Actas do Simposio. Edición de Manuel Ferreiro e Xosé Ramón Freixeiro Mato. Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Departamento de Filoloxía Galego-Portuguesa, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña / AS-PG, 1999. pp. 181-190.

— (2001): «Do realismo do Álbum Nós ao expresionismo das estampas de guerra (1916-1936)», en *Congreso sobre Castelao*, Xunta de Galicia, pp. 349-353.

Carvalho Calero, R. (1989): *Escritos sobre Castelao*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco edicións.

- Castro, X. (2007): *Historia da vida cotiá en Galicia, séculos XIX e XX*, Vigo, Nigratrea.
- Cela, C. J. (1999): «Nenez na escola e na rúa», en «A infancia recordada», *Revista Grial*, nº 144, Vigo, Galaxia, pp. 653-659.
- De Juana, J. e Prada, J. (2005): *Historia Contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel.
- Delgado Criado, B. (1998): *Historia de la infancia*, Barcelona, Ariel Educación.
- Fernández, V. (1989): *El niño y el joven en España, siglos XVIII al XX*, Barcelona, Anthropos.
- Fraguas, A. (1999): «O lugar e a casa onde nacín», en «A infancia recordada», *Revista Grial*, nº 144, Vigo, Galaxia, pp. 621-629.
- González Pérez, C. (1976): *Castelao: Cousas de nenos*, Vigo, Edicións Castrelos, col. «O Moucho».
- López García, X. (ed.) (2004): *O xornal Galicia (1922-26). O alento da modernidade*. Consello da Cultura Galega.
- Pousa Antelo, A. (1999): «Da nenez á mocidade», en «A infancia recordada», *Revista Grial*, nº 144, Vigo, Galaxia, pp. 645-651.
- Rodríguez Castelao, A. D. (1975): *Escolma Posible*, Vigo, Galaxia.
- (1977) *Diario 1921*, Vigo, Galaxia.
- (1993) *Cadernos*, Vigo, Galaxia.
- (1989) *Cousas da vida. Por Castelao*, Vigo, Galaxia.
- (2000) *Obras*, Vigo, Galaxia.
- (2000) *Sempre en Galiza*, Edición crítica, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia/USC.
- Vázquez, P. (1999): «Un paraíso na infancia», en «A infancia recordada», *Revista Grial*, nº 144, Vigo, Galaxia, pp. 661-668.
- Villares, R. (ed.) (1991): *Historia de Galicia*, vol. 4, Vigo, Faro de Vigo.

Desde hace años, la Real Academia Gallega de Bellas Artes venía luchando por instaurar un día dedicado a los creadores artísticos en Galicia, idea que a pesar de contar desde el inicio con un amplio reconocimiento, insalvables dificultades obligaron a posponer. Por fin, en el año 2015, este antiguo deseo se hizo realidad y la Real Academia acordó fijar el primero de abril de cada año como el Día de las Artes Gallegas. La normativa que lo regula establece que el personaje al que se dedique tan alabada fecha sea una figura relevante en la historia de las artes de Galicia y, por asentimiento unánime de sus miembros, se aprobó que el Maestro Mateo fuera la figura inaugural de esta celebración. Al mismo tiempo, la fecha elegida responde a la grabada en los dinteles del Pórtico de la Gloria.

Siguiendo con esta decisión, el año 2016 estuvo dedicado, también por unanimidad de los miembros de la Academia, a la gran figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. El acto central tuvo lugar en Pontevedra, en el salón de actos del sexto edificio del Museo, seguido de la apertura de una exposición conmemorativa. Una solemne sesión académica pública en la que se glosó tanto la pertinencia de la celebración como de la figura elegida, y a la que asistieron las autoridades de Galicia: Junta, Ayuntamiento de Pontevedra, Diputación de Pontevedra, Consello da Cultura Gallega, Real Academia, Diputación de A Coruña, así como una amplia representación de otras instituciones, organismos y personas interesadas.

Con el fin de que tal efeméride permanezca en el tiempo, la Real Academia Gallega de Bellas Artes tomó la decisión de elaborar una publicación que, de alguna manera, estudie su obra y destaque la trascendencia de la figura elegida, el genial artista CASTELAO, cuya dimensión de universalidad va más allá de las fronteras gallegas.

La publicación incluye tres textos. El primero de ellos se corresponde con el discurso de la conferencia pronunciada el día uno de abril en Pontevedra a cargo de M. Victoria Carballo-Caleiro. El texto, que no ha sido escrito para publicar, sino para conferenciar, se reproduce intacto, tal y como fue disertado. Los otros dos textos, que en su día fueron publicados en la revista ABRENTE (núm. 46, 2014) son de la autoría de Valeriano Bozal Fernández y Diana Vilas Meis, ambos expertos en la obra de nuestro homenajeado. De este modo, en el presente estudio se recoge una de las facetas más destacables de la figura conmemorada, la de dibujante, grafista e ilustrador.

GÉNESIS Y CONFIGURACIÓN DEL ÁLBUM NÓS

MARÍA VICTORIA CARBALLO-CALERO RAMOS

Viene siendo habitual decir que entre 1916 y 1918 Castelao dibuja las cincuenta estampas que iban a ser recogidas en el *Álbum Nós*. Mas no es exactamente así. Lo que escribe Castelao en el prólogo en 1931, con motivo de la edición del álbum es: «Este álbum de dibujos fue compuesto entre los años dieciséis y dieciocho, cuando Galicia despertaba de un largo sueño». Dibujos, estampas que iban a ser mostradas en el año veinte, en una peregrinación por ciudades y villas de Galicia, mas también mostradas en Madrid con un gran éxito, que incluye entusiasmo y rechazo, y que no serían reproducidas en el álbum hasta 1931 (Hauser y Menet, Madrid, ed. del autor). Fue en el año 1917, a raíz de la 2ª Exposición de Arte Gallego, en A Coruña, que entra en contacto con la casa Hauser y Menet que va distribuir estampas de esta exposición en su colección de postales.

Para este álbum escribe un breve prólogo, auténtica declaración de intenciones que, junto a las imágenes, rompería con la mirada tradicional de la plástica gallega por lo que supone de compromiso con los protagonistas de las estampas, marineros y labradores, los auténticos sufridores de la historia. Quien de ustedes no recuerda aquellas palabras iniciales!: «...mas yo no quise cantar la alegría de nuestras fiestas, ni la abundancia de los casamientos, sino las tremendas angustias del labrador y marinero...». Efectivamente, Castelao refleja en imágenes la situación de la Galicia no urbana, la misma Galicia rural de los poemas de Ramón Cabanillas, como veremos en el análisis de alguna de las estampas.

Mi trabajo pretende documentar algunas de esas imágenes y plasmar la génesis e historia de las mismas.

1. Estampa núm. 35, *A tola do monte*

[*La loca del monte*]

